

SOLICITUDE DE SINLAMENTO DA ALIÑACION E RASANTE DO VIARIO

DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono				
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS						
Nome da rúa, praza, etc			Número	Piso	Porta	Código Postal
Parroquia	Municipio	Provincia	Correo electrónico			
DATOS DO REPRESENTANTE (no caso de existir)						
DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono				

DIGO:

Que, desexando obter o sinalamento das aliñacións e rasantes dunha parcela situada en:

Rúa / Camiño / Praza: _____

Barrio _____ Parroquia: _____

con referencia catastral da parcela _____

Teño a ben achegar a seguinte documentación:

Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, acreditación da representación.

Plano da parcela sobre cartografía oficial das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Nigrán (BOP 23/11/91).

Plano topográfico da parcela, a escala mínima 1/500, con curvas de nivel cada (1) metro.

Plano topográfico enviado en arquivo dixital (.dwg) ao enderezo electrónico **urbanismo@nigran.org**.

Reportaxe fotográfica da parcela, peches e viario circundante.

Á vista de canto antecede,

SOLICITO o sinalamento da aliñación da parcela indicada.

En Nigrán, a

_____ / _____ / 20_____

Asdo.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA EXERCITAR OS SEUS DEREITOS

Principios normativos: A aliñación é a liña trazada sobre a cartografía oficial que delimita unha parcela e a separa dos espazos destinados polo planeamento a usos públicos, como rúas, prazas, zonas verdes, etc. Cando se pretenda executar unha obra nova ou realizar unha reconstrución previa derruba dunha obra vella en solo urbano ou de núcleo rural, é condición inexcusable a solicitude previa do sinalamento de aliñación e rasante da parcela. A solicitude pode formularse por calquera propietario de soar ou terreo do termo municipal, aínda cando non se pretendese solicitar posteriormente licenza de obras. Consecuentemente, o sinalamento da aliñación non implica o outorgamento da licenza de construción ou obras (apdo. 1.4.7 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Nigrán, BOP do 23/11/91 - NNSS -) .

Aos efectos anteriores, é obra nova a efectuada para a construción dun inmovible de nova planta ben sobre soar libre (no que non existira ningunha construción anterior), ben sobre soar procedente da derruba dun edificio existente, ou ben como ampliación de edificacións existentes na superficie do andar baixo. (apdo. 1.4.5 NNSS)

Presentación das comunicacións: As comunicacións e documentación anexa presentaranse directamente no Rexistro Xeral do Concello de Nigrán na Praza da Constitución nº 1, dentro do horario de apertura establecido, ou ben por calquera outro dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Representación: Deberá acreditar que ostenta tal condición mediante poder notarial ou en comparecencia persoal do interesado, todo elo conforme ao disposto no art. 5 da LPAC

Documentación a aportar: Para a tramitación das solicitudes de licenza de sinalamento de aliñación resulta imprescindible a achega como mínimo da documentación sinalada no apartado correspondente do presente formulario. No caso de non achegarse a documentación completa, requiriráselle por unha soa vez e por prazo máximo de 15 días para que subsane a solicitude. De non respostarse en prazo ao dito requirimento, teráselle por desistido da solicitude e arquivarase o expediente. Recoméndase a achega da documentación completa, dado que as solicitudes deficientes **prolongan innecesariamente a tramitación administrativa** e poden facer incurrir en **gastos** por taxas ao solicitante.

Prazo para resolver: As peticións de sinalamento de aliñación resólvense nun prazo de tres meses (3 meses). Transcorrido o dito prazo sen comunicarse ningún acto entenderase que a aliñación proposta foi desestimada por silencio administrativo negativo.

Taxas e impostos: Os regulados na Ordenanza Fiscal da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos de control (BOP do 12/04/13), sen prexuízo doutros previstos legal e regulamentariamente.